

Presentados os libros de Fonte e Estévez, galardoados co 'González Garcés' do ano 97

A CORUÑA. E.Álvarez Os libros *Mínima moralidade*, de Ramiro Fonte e *Só paxaros caíron desta boca* de Eduardo Estévez, gañador e finalista, respectivamente, do premio *González Garcés* na pasada edi-

ción foron presentados onte nun acto literario celebrado na Biblioteca da Diputación de A Coruña. O poemario *Mínima moralidade* que obtivo o primeiro premio está ilustrado polo pintor Xurxo Gómez Chao e *Só pa-*

xaros saíron desta boca que acadou o accesit, leva ilustracións de Amando. Asistiron ó acto os autores, ademais do presidente da diputación, Augusto César Lendoiro, o vicepresidente responsable da área de Cultu-

ra, Roberto González Santos e unha ampla representación do mundo cultural galego. A edición do presente ano, para a que se recibiron 53 orixinais, será fallada o vindeiro sábado día 30 nun acto no Pazo de Mariñán.